

O triunfo do ovo



SHERWOOD ANDERSON

O triunfo do ovo

~¤~

*Un libro de impresi3ns
sobre a vida americana
en relatos e poemas*

~¤~

Traduci3n de Carlos Vald3s e Celia Recarey



Irmás Cartoné, 2015

Tradución: Carlos Valdés e Celia Recarey Rendo

Ilustración de cuberta: Carlos Valdés

Deseño e maquetación: Irmás Cartoné

Impresión: Sacauntos Cooperativa Gráfica

ISBN: 978-84-942570-3-2

Dep. Legal: 302-2015



Este libro comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a autoría da mesma mediante a mención expresa do autor, os tradutores e a editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada, coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza que a orixinal.

DE BARRO

Tennessee Mitchell

Nos campos,
sementes flotando no aire.
Nas cidades,
fume negro por mortalla.
No meu peito
acorda o entendemento.

~Mid American Chants~

A Robert e John Anderson

*Os contos son xente que senta na porta da casa da miña mente.
Fóra vai frío e eles sentan á espera.
Eu miro pola fiestra.*

*Os contos teñen as mans frías,
teñen as mans xeadas.*

*Un conto breve e achaparrado érguese e padexa cos brazos.
Ten o nariz vermello e dous dentes de ouro.*

Hai unha historia vella sentada, encolleita e envolta nunha capa.

*Moitos contos veñen e sentan uns momentos na porta
e logo marchan.*

Fóra vai frío de máis para eles.

*A rúa que dá á porta da casa da miña mente está
chea de contos.*

Murmuran e berran, están a morrer de frío e de fame.

Son un home impotente... trémenme as mans.

Debería sentar á mesa de traballo coma un xastre.

Debería tecer un pano abrigoso cos fíos do pensamento.

Os contos precisan ser vestidos.

Estance conxelando na porta da casa da miña mente.

Son un home impotente... trémenme as mans.

Busco ás apalpadas na escuridade pero non dou atopado a aldraba.

Miro pola fiestra.

Hai moitos contos morrendo na rúa que dá á casa da miña mente.

ÍNDICE

<i>O mudo</i>	17
<i>Quero saber por que</i>	21
<i>Sementes</i>	33
<i>A outra muller</i>	43
<i>O ovo</i>	55
<i>Lámpadas apagadas</i>	69
<i>Senilidade</i>	93
<i>O home do abrigo marrón</i>	97
<i>Irmáns</i>	101
<i>A trapela</i>	113
<i>A moza de Nova Inglaterra</i>	127
<i>Guerra</i>	147
<i>Maternidade</i>	153
<i>De ningures á nada</i>	157
<i>O home da trompeta</i>	225

O MUDO

Hai unha historia. Non podo contala, non teño palabras. A historia está case esquecida, mais ás veces recordo.

A historia refírese a tres homes dentro dunha casa nunha rúa. Se eu puidese dicir as palabras cantaríaa a historia. Bisbaríaa nos oídos das mulleres, das nais. Correría polas rúas contándoa unha e outra vez. A miña lingua ceibaríase, repenicaría contra os meus dentes.

Os tres homes están nun cuarto da casa. Un é novo e atilado. Ri seguido.

Hai un segundo home que ten unha longa barba branca. Consúmeo a dúbida, pero de cando en vez a súa dúbida déixao e el dorme.

Hai un terceiro home que ten ollos perversos e se move nervioso polo cuarto fregando as mans. Os tres homes están esperando... esperando.

No andar superior da casa hai unha muller en pé coas costas contra a parede, case ás escuras a carón dunha fiestra.

Ese é o alicerce da miña historia e todo o que algunha vez saberei está condensado nela.

Sherwood Anderson

Lembro que veu á casa un cuarto home, un silencioso home branco. Todo estaba tan silencioso como o mar á noite. Os seus pés no chan de pedra onde os tres homes estaban non facían ruído ningún.

O home de ollos perversos púxose como un líquido a ferver: corría dun lado para outro como unha besta engaiolada. O home gris e vello infectouse do seu nerviosismo: turraba da barba.

O cuarto home, o branco, subiu onda a muller.

Alí estaba ela... esperando.

Que silenciosa estaba a casa... con que estrondo repenicaban os reloxos da veciñanza. A muller de arriba agoaba amor. Esa tiña que ser a historia. Cobizaba o amor con todo o seu ser. Quería crear no amor. Cando o silencioso home branco chegou a carón dela, ela brincou cara adiante. Os seus beizos estaban abertos. Había un sorriso nos seus beizos.

O branco non dixo nada. Nos seus ollos non había reproche ningún, nin pregunta ningunha. Os seus ollos eran tan impersoais como estrelas.

No andar inferior o home perverso salaiaba e corría de acó para aló como un cadeliño perdido e esfameado. O gris tentaba seguilo, pero cansou decontado e deitouse a durmir no chan. Nunca volveu espertar.

O homiño acicalado tamén se deitou no chan. Ría e fedellaba no seu diminuto bigote negro.

Non teño palabras para contar o que pasaba na miña historia. Non podó contar a historia.

Pode que o silencioso branco fora a Morte.

Pode que a muller que esperaba inquedada fora a Vida.

O triunfo do ovo

O vello da barba gris e mais o perverso confúndenme. Penso e penso, pero non logro entendelos. Porén a maior parte do tempo non penso neles en absoluto. Sigo pensando no home acicalado que riu durante toda a miña historia.

Se puidese entendelo, podería entendelo todo. Podería correr polo mundo adiante contando unha historia marabillosa. Xa non sería mudo.

Por que non me foron dadas palabras? Por que son mudo?

Teño unha historia marabillosa que contar, pero non coñezo o xeito de contala.

QUERO SABER POR QUE

Erguémonos ás catro da mañá aquel primeiro día no leste. A noite anterior baixaramos dun tren de mercadorías nas aforas da cidade e, co verdadeiro instinto dos rapaces de Kentucky, atopamos o camiño a través da cidade e até o hipódromo e as cabalarizas de inmediato. Entón sabiamos que estabamos ben. Hanley Turner atopou deseguida a un negro que coñecemos. Era Bildad Johnson, que no inverno traballa na estrebaría de Ed Becker na nosa vila, Beckersville. Bildad é tan bo cocíneiro como case todos os nosos negros e, por suposto, como a todo o que é alguén na nosa zona de Kentucky, gústanlle os cabalos. Na primavera Bildad comeza a buscar amaños por aí. Os negros da nosa terra saben adular e engaiolar a calquera para que lles deixen facer case todo o que lles peta. Bildad engaiola os mozos das cabalarizas e os adestradores das eguadas da nosa terra, aí por perto de Lexington. Os adestradores veñen á cidade á tarde para folgar e leriar e talvez meterse nunha partida de póker. Bildad vai con eles. Sempre anda a facer pequenos favores e a falar de cousas de comer, do polo salteado na tixola e de cal é o mellor xeito de facer as patacas doces e mais o pan de millo. Fáiselle a un auga na boca ao oílo.

Cando comeza a tempada das carreiras e os cabalos van ás carreiras e, á tarde, hai todo ese falar nas rúas sobre os poldros novos, e todo o mundo di cando vai ir a Lexington ou ao tor-

neode primavera a Churchill Downs ou a Latonia, e os xinetes que estiveron en Nova Orleáns ou quizais no torneo de inverno na Habana, Cuba, volve para a casa pasar unha semana antes de empezar de novo, nun tempo no que do único que se fala en Beckersville é de cabalos e máis nada e comezan a organizarse as cuadrillas e as carreiras de cabalos están en cada alento que respiras, aparece Bildad cun traballo de cociñeiro en algunha cuadrilla. Penso a miúdo nisto, que sempre vaia toda a tempada ás carreiras e traballe no pallal da estrebaria no inverno onde están os cabalos e onde aos homes lles gusta vir e falar de cabalos, e gustárame ser negro. É unha parvada dicilo, pero así é como me sinto ao estar perto de cabalos, tolo. Non o podo evitar.

Ben, teño que falarvos do que fixemos e deixarnos saber de que estou a falar. Catro rapaces de Beckersville, todos nós brancos e fillos de homes que polo regular viven en Beckersville, decidimos que iamos ir ás carreiras, non ás de Lexington ou Louisville, non digo iso, senón ao gran hipódromo do leste do que sempre lle estabamos oíndo falar aos nosos homes de Beckersville, a Saratoga. Daquela eramos todos bastante novos. Eu acababa de facer quince e era o máis vello dos catro. Foi idea miña.

Recoñézoo, e convencín aos outros para intentalo. Estabamos Hanley Turner e Henry Rieback e Tom Tumberton e mais eu. Eu tiña trinta e sete dólares que gañara durante o inverno traballando noites e sábados na tenda de comestibles de Enoch Myers. Henry Rieback tiña once dólares e os outros, Hanley e Tom, tiñan só un ou dous dólares cada un. Amañámolo todo e fixemos por non chamar a atención até que remataron os encontros de primavera de Kentucky e algúns dos nosos homes, os máis afeccionados, aos que máis envexabamos nós, liscaran; entón liscamos nós tamén.

Non vos vou contar os problemas que tivemos viaxando en vagóns de carga e todo iso. Cruzamos Cleveland e Buffalo

e outras cidades e vimos as cataratas do Niágara. Alí compramos cousas, recordos e culleres e naipes e cunchas con debuxos das cataratas para as nosas irmás e nais, pero pensamos que era mellor non enviar ningunha desas cousas a casa. Non queríamos pór aos vellos sobre a nosa pista e que talvez nos cacharan.

Entramos en Saratoga, como dixen, de noite e fomos ao hipódromo. Bildad deunos de comer a fartar. Ensinounos un sitio para durmir na palla enriba dunha corte e prometeu quedar calado. Os negros non teñen problemas con cousas coma esa. Non te van delatar. Moitas veces un branco ao que poidas coñecer, cando fuxiches da casa desta forma, pode parecer que non ten problema e darche un cuarto de dólar ou medio ou así, e despois vai dereitiño e descóbrete. Os brancos fanche iso, pero un negro non. Pódeste fiar deles. Son máis honestos cos rapaces. Non sei por que.

Aquel ano na xuntanza de Saratoga había unha morea de homes da nosa terra. Dave Williams e Arthur Mulford e Jerry Myers e outros. Ademais había unha morea de Louisville e Lexington que Henry Rieback coñecía, pero eu non. Eran apostadores profesionais e o pai de Henry Rieback tamén o é. El é o que se chama un anotador de apostas e a meirande parte do ano anda fóra, nos hipódromos. No inverno cando está na casa en Beckersville tampouco para moito por alí, senón que vai polas cidades xogando ao faraón. É un home amable e xeneroso, sempre lle envía agasallos a Henry, unha bicicleta e un reloxo de ouro e un traxe de *boy scout* e cousas así.

O meu pai é avogado. Está ben, pero non gaña moitos cartos e non me pode comprar cousas e de todas maneiras agora xa me vou facendo tan maior que non o espero. El nunca me dixo nada en contra de Henry, pero os pais de Hanley Turner e Tom Tumberton si. Dixéronlles aos seus fillos que o diñeiro que vén así non é bo e que eles non querían criar os seus fillos oíndo as

conversas dos apostadores e pensando en semellantes cousas e se cadra darse a elas.

Iso está moi ben e supoño que os homes saben de que están a falar, pero non vexo que ten que ver con Henry nin cos cabalos. Esta historia que estou a escribir é sobre iso. Estou confuso. Estoume a facer un home e quero pensar como é debido e ser decente, e hai algo que vin nas carreiras do hipódromo do leste que non consigo comprender.

Non podo evitalo, toleo cos cabalos purosangue. Sempre fun así. Cando tiña dez anos e vin que estaba a medrar e que había ser alto e non ía poder ser xinete deume tanta pena que case morro. Harry Hellinfinger de Beckersville, que é fillo de carteiro, é maior e lacazán abondo para traballar, pero gústalle andar pola rúa e amolar aos rapaces coas súas burlas, como cando os manda a unha ferraxaría por unha broca para facer buratos cadrados e outras bromas coma esa. Fíxome unha a min. Díxome que se comía medio cigarro, quedaría mirrado e non medraría máis e igual podía ser xinete. Fíxeno. Cando meu pai non miraba, saqueille un cigarro do peto e conseguín papalo con esforzo. Fíxome poñer moi enfermo e tiveron que chamar ao doutor, e despois non me fixo ningún ben. Seguín medrando. Fora unha broma. Cando contei o que fixera e por que a maioría dos pais terían mallado en min, pero os meus non o fixeron.

Bo!, nin mirrei nin morrín. Saíulle ben ao Harry Hellinfinger. Entón metéuseme na cabeza que me gustaría ser mozo de cabalarizas, pero tamén tiven que renunciar a iso. Ese traballo fano sobre todo negros e eu sabía que meu pai non me había deixar meterme niso. Non pagaba a pena preguntarllo.

Se nunca toleastes cos purosangue é porque nunca estivestes perto deles moito e non sabedes. Son fermosos. Non hai nada tan feito e limpo e cheo de forza e sincero como algúns cabalos de carreiras. Nas grandes eguadas da contorna da nosa vila, Bec-

O triunfo do ovo

kersville, hai pistas e os cabalos corren pola mañá cedo. Máis dun milleiro de veces me teño levantado da cama antes do amencer e camiñado tres ou catro quilómetros até as pistas. Miña nai non me deixaba ir pero meu pai sempre di: «Déixao tranquilo». Así que collía pan da paneira e un pouco de manteiga e marmelada, papábao e liscaba.

Nas pistas sentas no valado cos homes, brancos e negros, e eles mascan tabaco e parolan, e logo saen os poldros. É cedo e a herba está cuberta de orballo relucente e noutra leira hai un home arando e están a fritir algo nun albio onde dormen os negros da pista, e xa sabes que os negros saben sorrir e rir e dicir cousas que che fan rir. Os brancos non saben e hai negros que tampouco, pero os negros das pistas sempre saben.

Así que saen os poldros e algúns galopan montados por mozos das cabalarizas, pero case todas as mañás nunha pista grande, propiedade dun home rico que ao mellor vive en Nova York, case todas as mañás, hai poldros e cabalos de carreiras vellos e outros capados e eguas que andan ceibos.

Pónseme un nó na gorxa cando un cabalo corre. Non me refiro a todos os cabalos, senón a algúns. Podo distinguilos case sempre. Lévoo no sangue como o levan os negros e os adestradores das pistas de carreiras. Mesmo cando só trotan con preguiza cun negriño no lombo son quen de recoñecer un ganador. Se me doe a gorxa e me custa tragar, é un campión. Correrá como Sam Hill cando o ceiben. Se non gana seguido será un misterio e porque está bloqueado detrás doutro ou o botaron ou saíu mal ou algo. Se eu quixera ser apostador como o pai de Henry Rieback, podería facerme rico. Sei que podería e Henry tamén o di. O único que tería que facer sería esperar a que me chegase esa dor ao mirar para un cabalo e entón apostar até o último céntimo. Iso é o que faría se quixese ser apostador, pero non quero.

Cando estás nas pistas á mañá —non nas pistas de carreiras, senón nas de adestramento perto de Beckersville—, non ves un cabalo do tipo do que eu falaba moi a miúdo, pero é bonito de todas as maneiras. Calquera purosangue ben enxendrado e parido por unha boa euga e adestrado por un home que saiba como, sabe correr. Se non soubera, para que ía estar aí e non tirando do arado?

Pois ben, saen das cabalarizas e os mozos van montados neles e é estupendo estar aí. Debrúzase un no valado e sente o formigo dentro. Alí nos pendellos os negros rin e cantan. Frítese touciño e faise café. Todo arrecende. Nada cheira mellor que o café e o esterco e os cabalos e os negros e o touciño a fritirse e as pipas fumadas fóra da casa nunha mañá coma esa. Engaiólate, iso é o que fai.

Pero volvamos a Saratoga. Estivemos aló seis días e non nos viu ninguén da nosa vila e todo ía xusto como nós queríamos: bo tempo e cabalos e carreiras e todo iso. Marchamos de volta para a casa e Bildad deunos unha cesta con polo frito e pan e outros comestibles, e eu tiña dezaioito dólares cando chegamos a Beckersville. Miña nai rosmaba e choraba sen parar, pero meu pai moito non dixo. Eu contei todo o que fixemos, agás unha cousa. Fixen e vin aquilo eu só. É daquilo do que estou a escribir. Tenme preocupado. Penso niso pola noite. Velaquí está.

En Saratoga pasabamos as noites deitados na palla do pendello que Bildad nos ensinara e comiamos cos negros pola mañá cedo e mais á noite cando a xente das carreiras xa marchara toda. Os homes da nosa vila ficaban na súa maioría nos chanzos e no terreo das apostas, e non saían aos lugares onde se gardan os cabalos alén dos potreiros xusto antes dunha carreira, cando os cabalos son enxelados. En Saratoga non teñen os potreiros debaixo dun pendello aberto como en Lexington e en Churchill Downs e noutras pistas da nosa terra, senón que enselan os cabalos alí

O triunfo do ovo

nun lugar aberto baixo as árbores sobre unha herba tan suave e fina como a do xardín do banqueiro Bohon aquí en Beckersville. É fermoso. Os cabalos están suorentos e nerviosos e brillan e os homes saen e fuman cigarros e míranos e os adestradores están alí e os propietarios, e o corazón báteche tan forte que case non podes respirar.

Entón a corneta toca aos seus postos e os mozos que montan chegan correndo vestidos coas súas roupas de seda e ti corres para coller un bo sitio a carón do valado onda os negros.

Eu sempre estou querendo ser adestrador ou propietario, e a risco de ser visto e atrapado e devolto á casa ía aos potreiros antes de cada carreira. Os outros rapaces non ían, eu si.

Chegamos a Saratoga un venres e no mércores da semana seguinte íase correr o gran Hándicap de Mullford. Corría Mediotranco, e Raio. O tempo era bo e a pista espléndida. Non puíden durmir a noite anterior.

O que pasara foi que eses dous cabalos eran os dous dos que me fan doer a gorxa cando os vexo. Mediotranco é longo e semella torpe e está capado. Pertence a Joe Thompson, un pequeno propietario da nosa vila que só ten media ducia de cabalos. O Hándicap de Mullford é dunha milla e Mediotranco non é de arrancada rápida. Avanza amodiño e sempre vai alá atrás pola metade, despois comeza a correr e se a carreira é dunha milla e cuarto, pápaa toda e chega.

Raio é diferente. É garañón e nervioso e pertence á maior eguada que temos na nosa terra, cas Van Riddle, que pertence ao señor Van Riddle de Nova York. Raio é como unha rapaciña na que pensas de vez en cando pero nunca a ves. É firme por todas partes e bonito tamén. Cando lle miras para a cabeza queres bicalo. Adestrouno Jerry Tillford, que me coñece e foi bo comigo unha morea de veces, déixame entrar na corte dun cabalo para

miralo de cerca e outras cousas. Non hai nada tan adorable como ese cabalo. Fica calmo no poste de saída e non se move, pero por dentro está a arder. Entón, cando a barreira se levanta, sae disparado igual que o seu nome, Raio. Fai que che doia miralo. Fai dano. Só bótase e corre como un perdigoteiro. Nada que teña eu visto pode correr como el, agás Mediotranco cando arranca e se estarrica.

Mi ma! Morría coa gana de ver aquela carreira e aqueles dous cabalos correr, morría coa gana e tamén co medo. Non quería ver a ningún dos nosos cabalos derrotado. Nunca enviáramos un par de cabalos como aqueles ás carreiras. Dicíano os vellos de Beckersville e os negros dicíano tamén. Era un feito.

Antes da carreira fun aos potreiros para mirar. Boteille unha última ollada a Mediotranco, que así no potreiro non é para tanto, despois fun ver a Raio.

Era o seu día. Sóubeno en canto o vin. Esquecín todo aquilo de que me viran e camiñei dereitiño a el. Todos os homes de Beckersville estaban alí e ninguén me viu, agás Jerry Tillford. El viu-me e algo ocorreu. Vóuvolo contar.

Eu estaba alí mirando o cabalo e morrendo coa cobiza. Dalgún xeito, non sei dicir como, sabía exactamente como se sentía Raio por dentro. El estaba tranquilo e deixaba que os negros lle fregaran as patas e o señor Van Riddle en persoa colocoulle a sela, pero por dentro era unha fervenza de rabia. Era como a auga do río nas cataratas do Niágara xusto antes de precipitarse. Aquel cabalo non estaba pensando en correr. Non tiña que pensar niso. Só estaba pensando en conterse até o momento en que chegara a carreira. Eu sabía. Non estaba a alardear nin a soltarse de máis nin a choutar nin a armar bulla, senón que simplemente esperaba. Eu sabía e Jerry Tillford, o seu adestrador, sabía. Erguín a cabeza e entón aquel home e mais eu mirámonos aos ollos. Algo me ocorreu. Supoño que amaba a aquel home tanto

O triunfo do ovo

como ao cabalo porque el sabía o que sabía eu. Semellábame que non había nada no mundo agás aquel home e o cabalo e mais eu. Berrei e a Jerry Tillford brilláronlle os ollos. Despois acheguei-me ao valado para esperar a carreira. O cabalo era mellor ca min, máis forte e, agora seino, mellor que Jerry. Era o máis tranquilo e era el o que tiña que saír a correr.

Raio chegou o primeiro, por suposto, e esmagou o récord mundial para unha milla. Se non vexo nunca nada máis, con iso xa vin abondo. Todo pasou xusto como eu esperaba. Mediotranco demorouse na saída e ficou atrás e achegouse até o segundo, como eu sabía que faría. Algún día el tamén conseguirá un récord mundial. En cuestión de cabalos non van poder cos de Beckersville.

Contemplei a carreira en calma porque sabía o que ía acontecer. Estaba seguro. Hanley Turner e Henry Rieback e Tom Tumberton estaban todos máis axitados ca min.

Ocorreume unha cousa curiosa. Estaba pensando en Jerry Tillford, o adestrador, e no feliz que estivo ao longo da carreira. Aquela tarde caeume mellor do que nunca me caera meu pai. Case esquecín os cabalos ao pensar daquela maneira nel. Foi polo que vira nos seus ollos mentres el estaba no potreiro a carón de Raio antes de comezar a carreira. Sabía que coidara e traballara con Raio desde que o cabalo era un poldriño, aprendeulle a correr e a ser paciente e a deixarse ir e non pedir papas, nunca. Sabía que para el era como unha nai vendo ao seu fillo facer algo valente ou marabilloso. Era a primeira vez que sentía iso por un home.

Despois da carreira aquela noite afasteime de Tom e Hanley e Henry. Quería estar só e quería estar perto de Jerry Tillford se podía. Isto foi o que pasou.

O hipódromo de Saratoga está perto das aforas da cidade. Está todo limpo e hai árbores ao redor, de folla perenne, e céspede e todo está recién pintado e bonito. Se pasas o hipódromo, chegas a unha estrada de asfalto para automóbiles, e se a sigues por uns quilómetros hai un atallo a unha casa de aspecto desleixado.

Aquela noite despois da carreira eu seguín aquela estrada porque vira a Jerry e a outros homes indo naquela dirección nun automóbil. Non esperaba enconralos. Camiñei un treito e despois sentei a carón dun valado para pensar. Era a dirección que seguisen eles. Quería achegarme a Jerry tanto como puidera. Sentíame perto del. Deseguida tomei a estrada lateral —non sei por que— e cheguei á descoidada casa. Sentía a soidade de non ver a Jerry, como cando, de neno, querías ver a teu pai pola noite. Nese momento chegou un automóbil e deu a curva. Jerry ía nel e o pai de Henry Rieback, e Arthur Bedford, da vila, e Dave Williams e outros dous homes que non coñecía. Baixaron do coche e entraron todos na casa agás o pai de Henry Rieback, que rifou con eles e dixo que non ía entrar. Só eran as nove ou así, pero estaban todos bébedos e a casa descoidada era un sitio de malas mulleres. Iso é o que era. Gabeei por un valado e mirei por unha xanela e vino.

Foi iso o que me deu unha volta. Non podo entendelo. As mulleres da casa eran todas feas, malencaradas, desagradables de aspecto e como compañía. Tamén eran vulgares, agás unha que era alta e se parecía un pouco ao capón Mediotranco, pero non limpa coma el, senón cunha boca fea e ríxida. Tiña o cabelo roxo. Vino todo claramente. Erguinme a carón dunha roseira á beira dunha xanela aberta e mirei. As mulleres levaban vestidos soltos e estaban sentadas por alí. Os homes entraban e algúns sentaban no colo das mulleres. O sitio cheiraba a podre e había conversas noxentas, do tipo das que un rapaz oe perto dunha cabalariza nunha vila como Beckersville no inverno, pero que non espera

oír cando hai mulleres diante. Daba noxo. Un negro non entraría nun sitio coma aquel.

Mirei a Jerry Tillford. Xa vos contei o que sentía por el posto que el sabía o que pasaba no interior de Sunstreak no minuto antes de que fora ao posto de saída da carreira na que acadou un récord mundial.

Jerry fanfurriñaba naquela casa de malas mulleres como sei que Raio non faría nunca. Decía que el fixera aquel cabalo, que fora el quen gañara a carreira e conseguira o récord. Mentía e fanfurriñaba como un tolo. Nunca antes oíra tanta parvallada.

E despois, que pensades que fixo? Mirou á aquela muller de alí dentro, a que era fraca e de boca ríxida e se parecía un pouquiño ao capón Mediotranco, pero non era tan limpa coma el, e os seus ollos comezaron a brillar xusto como facían cando mirou para min e para Raio nos potreiros do hipódromo á tardiña. Fiquei alí á beira da xanela —mi ma!—, pero desexei non estar lonxe das pistas, ter ficado aló cos rapaces e cos negros e cos cabalos. A muller alta de aspecto noxento estaba entre nós da mesma maneira que estaba Raio nos potreiros aquela tarde.

Entón, de repente, empecei a odiar a aquel home. Quería berrar e entrar de súpeto na habitación e matalo. Nunca antes sentira nada así. Tanto me fixo tolear que berrei e apertei tanto os puños que cravei as unllas nas mans.

E os ollos de Jerry seguían a brillar e cambaleábase, e entón foi e bicou a aquela muller e eu afasteime e volví para o hipódromo e para a cama e case non durmín nada, e despois, ao día seguinte, fixen que os outros rapaces voltaran para a casa comigo e nunca lles contei o que vira.

Levo pensando niso dende aquela. Non podo entendela. A primavera volveu e eu estou a piques de facer os dezaseís e vou ás pistas pola mañá, igual que sempre, e vexo a Raio e a Mediotran-

Sherwood Anderson

co e a un poldro noviño chamado Rechamante que aposto algo a que os vai deixar atrás a todos, pero ninguén pensa así agás dous ou tres negros e mais eu.

Pero as cousas son diferentes. Nas pistas o ar non sabe tan ben nin cheira tan ben. É porque un home como Jerry Tillford, que sabe o que fai, puido ver correr un cabalo como Raio e, no mesmo día, bicar a unha muller coma aquela. Non podo entendela. Maldito sexa, por que querería facer aquilo? Sigo a pensar niso e estrágame mirar os cabalos e ulir cousas e oír aos negros rir e todo. Dáme unha volta. Por que o faría? Quero saber por que.

